



Cando eu cosendo
na miña almohada
miña aghulla de ouro
meu dedal de prata.

Chegou un caballero
pedindo pousado
meu pai era pobre
moito lle pesaba.

Moito lle pesaba,
moito lle pesou
nos eramos tres
solo en min peghou.

Levoumo pro nonte
alá me matou
coberta de leña
alá me deixou.

Dalí a sete anos
por alí pasou.

“Oh pastoriños novos
que gardá-lo ghando
¿qué santa é aquela
que está naquel árbol?”

“A santa é Elena
que o traidor matou,
cuberta de rosas
no monte a deixou.”

“A santa é Elena
meu amor primeiro
si me perdonás
serei voso romeiro.”



“Como che hei de perdonar
traidor carniceiro,
se da miña cabeza
fixestes talleiro
e do meu cabelo
fixestes diñeiro.”